

# **IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVIMIENTO MEMORIA ANUAL 2001**

## **1. INTRODUCCIÓN**

## **2. IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVIMIENTO: ¿QUEN SOMOS?**

### **2.1. OBXECTIVOS**

### **2.2. METODOLOXÍA**

### **2.3. FINANCIAMENTO**

## **3. MEMORIA DE ACTIVIDADES**

### **3.1. SENSIBILIZACIÓN**

### **3.2. RECADACIÓN**

### **3.3. COOPERACIÓN**

## **4. ADMINISTRACIÓN**

## **5. FINANCIAMENTO**

## **6. CONCLUSIONES**

## **IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO**

### **MEMORIA ANUAL 2001**

#### **1. INTRODUCCIÓN**

**IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO** remata co ano 2001 a súa terceira memoria anual que pretende resumi-los esforzos de moitas persoas no intento de conseguir un mundo máis solidario.

Este ano novamente IND tentou levar adiante os seus obxectivos e o seu compromiso coas comunidades desfavorecidas da India e coa solidariedade en xeral. Así, dende as actividades de recadación de fondos para financia-los nosos proxectos, ata a colaboración en campañas conxuntas con outras organizacións, IND foi crecendo no seu traballo de solidariedade.

De especial importancia consideramos dende IND a maior implicación paulatina de voluntariado, que este ano rematou coa colaboración continuada de varias persoas que aseguran un maior calado social e unha maior capacidade de acción para a nosa organización.

Mesmo se o crecemento de socias e socios neste ano non foi demasiado relevante, a implicación destas voluntarias e voluntarios encheu de novas enerxías e capacidade a organización, que pretende seguir sendo un ano máis un exemplo de compromiso non só coas comunidades desfavorecidas senón tamén coa sociedade galega na que se enraíza. Porque só con ese cambio global poderemos chegar á erradicación da inxustiza e da pobreza.

Nestes momentos nos que a crise mundial enfatiza aínda máis as hipocresías e desigualdades do mundo, o labor da nosa organización cobra aínda máis relevancia como unha voz que se ergue contra a inxustiza e que pretende contribuír a que tódalas persoas teñan as mesmas oportunidades e liberdades. Ese esforzo só resulta posible gracias a tódalas persoas e institucións que un ano máis foron capaces de cede-lo seu diñeiro, tempo e enerxía desinteresadamente á nosa causa común. Un ano máis, o noso máis sincero agradecemento a todas e cada unha delas. Agardamos vervos novamente na nosa próxima memoria.

## **2. IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO: ¿QUEN SOMOS?**

**IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO** nace como iniciativa a finais do ano 97 cando un grupo de persoas sensibilizadas co desenvolvemento en xeral e coa India en particular deciden xunta-los seus esforzos nunha Organización Non Governamental.

**IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO** constitúese en asociación en abril do ano 1998 e como Organización Non Governamental de Axuda ó Desenvolvemento en agosto dese mesmo ano.

Como calquera asociación, **IND** conta cunha serie de obxectivos e modos de traballo que lle son propios e que a continuación expoñeremos.

### **2.1. OBXECTIVOS**

**IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO** é unha Organización Non Governamental (ONG) de desenvolvemento apartidaria e aconfesional que actúa en Galicia con dous obxectivos principais:

- apoiar proxectos de desenvolvemento en países en vías de desenvolvemento
- sensibilizar á comunidade galega, española e dos países desenvolvidos en xeral dos problemas das comunidades coas que se traballa e da necesidade dun cambio global para erradica-la pobreza.

### **2.2. METODOLOXÍA**

**IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND)** ten unha forma de traballar clara para cumpri-los obxectivos que se acaban de presentar.

En primeiro lugar, existen unha serie de criterios de traballo para a xestión de proxectos de desenvolvemento que se poderían centrar nos seguintes:

- IND financia sempre proxectos xestionados por organizacións locais indias de xeito que se garanta o respecto cultural, a creación de emprego local e a autosuficiencia das comunidades.
- IND financia proxectos primordialmente integrais e que sempre ofrezan garantías de que non se creará unha dependencia entre a comunidade e a ONG senón viceversa, a autosuficiencia da comunidade beneficiaria gracias ós seus propios recursos.

En segundo lugar, con respecto á sensibilización, IND tamén amosa unha forma de traballar claramente definida:

-IND funciona ata o momento na súa totalidade co esforzo voluntario das/os socias/os e simpatizantes. IND promociona, xa que logo, o voluntariado en tódolos diferentes aspectos de traballo.

-IND promociona en todo momento a colaboración con outras organizacións xa existentes en campañas conxuntas e actividades de todo tipo, agRANDando así a forza e a calidade do movemento das ONGs ante a sociedade civil e gobernamental.

### **2.3. FINANCIAMENTO**

**IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND)** contaba ata o de agora con dúas únicas fontes de financiamento: as/os socias/os e as actividades organizadas para recadación de fondos, que este ano viñeron a ampliarse con fondos da Xunta de Galicia, o Concello de Lugo e o Concello de Vigo destinados á sensibilización e a programas de cooperación dos que se dará cumprida conta máis adiante.

De todo o diñeiro recadado **IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND)** utiliza só un 5% para gastos administrativos.

### **3. MEMORIA DE ACTIVIDADES**

#### **3.1. SENSIBILIZACIÓN**

Como ben queda especificado na definición estatutaria de obxectivos de IND, a sensibilización resulta un campo de vital importancia para o noso labor no que este ano se conseguiron importantes obxectivos. De seguido presentamos de forma individual cada unha das actividades levadas a cabo.

- **Quincena da Paz**

O día 28 de xaneiro, o concello de Santiago de Compostela organizou un acto coas ONGDs na Praza do Toural para conmemora-lo día da paz. O acto consistía nunha feira ó aire libre na que cada ONG podía expoñe-lo seu traballo e vender materiais. O tempo non axudou a que os actos se puidesen levar a cabo tal como estaban previstos mais aínda así houbo xente que veu dar unha volta grazas ó cal vendemos unha camiseta e tamén repartimos trípticos. A media mañá fíxose a chocolatada programada, o cal axudou a soportalo frío. Ó redor das dúas da tarde a organización decidiu levanta-las mesas por mor da chuvia e o vento que por veces parecía que ía tirar as carpas enriba das nosas cabezas.

- **Vigonatura 2001**

Durante os días 17, 18 e 19 de maio celebrouse no Recinto Feiral de Cotogrande a feira exposición Vigonatura 2001, onde a organización tivo a xentileza de cederlle a IND un lugar onde instalarse e darse a coñecer, ademais de vende-los materiais da organización. As voluntarias de IND encargáronse do posto durante as intensas xornadas da Feira.

- **Feira do Voluntariado**

Durante os días 6 a 10 de novembro tivo lugar en Santiago de Compostela a I Feira do Voluntariado, organizada pola Xunta de Galicia, na que IND contou cun stand. Esta Feira foi visitada por centos de persoas, que puideron informarse do labor da nosa organización.

- **Actividades asociacións veciñais**

Para o ano 2001-2002 IND planificou unha actividade conxunta con dúas asociacións veciñais de Vigo, a da Travesía de Vigo e a de Sárdoma. Este plano de actividades inclúe dúas por trimestre, e pretende ser unha oferta para chegar á cidadanía que está organizada xa nestes colectivos. Así, a primeira actividade que realizou IND foi a instalación da exposición Bilete á India na asociación da Travesía de Vigo. A colaboración das dúas asociacións non se pode cualificar senón de excelente. Para o vindeiro ano IND ten previsto continua-las actividades con relatorios, formación dun grupo de voluntariado en cada asociación, sesións de xogos cooperativos, festas solidaria, teatro, etc. Esta actividade foi financiada parcialmente pola Concellalía de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

- **Relacións coa prensa**

Este ano IND apareceu con menos frecuencia na prensa ca en anos anteriores, mais aínda así a presidenta da organización, María Reimóndez Meilán, foi entrevistada para o Correo Galego e tamén no programa Operación Maragota emitido o 6 de agosto de 2001 da Radio Galega.

- **Exposición Billete á India**

Durante o ano 2001 a exposición Billete á India percorreu diversas localidades galegas co fin de leva-lo traballo e a filosofía de IND a diferentes colectivos.

-En Santiago: Billete á India estivo exposta en Santiago como parte das actividades da Quincena da Paz, organizada polo Concello desta cidade. Durante os quince días que permaneceu exposta na Casa da Mocidade, a mostra foi visitada por numerosas mozas e mozos e tamén por escolares, como as/os que se poden ver na foto.

-Lugo: a Exposición estivo presente tamén no campus de Lugo, na Escola de Maxisterio dende o 26 de maio ó 6 xuño.

-En Ribeira: a exposición de IND instalouse na localidade de Ribeira xunto coa exposición Galicia Solidaria.

-Na Coruña: Igualmente Billete á India púidose visitar no Campus da Coruña coa exposición Galicia Solidaria , da que se fala de seguido.

- **Exposición Galicia Solidaria**

Este proxecto de exposición forma parte das actividades da Coordinadora Galega de Organizacións Non Governamentais de Desenvolvemento e Implicadas/os no Desenvolvemento conta cun panel xunto con numerosas outras organizacións que traballan a nivel galego. O labor de IND foi así transmitido tamén nesta iniciativa conxunta que viaxou por numerosas cidades galegas: Vigo, Lugo, Santiago, Riveira, Chantada, A Coruña...

### **3.2. RECADACIÓN**

Ó longo do presente ano tamén intentamos realizar un maior número de actividades no campo da recadación para poder contar con máis fondos propios que nos axuden a levar a cabo máis e máis complexos proxectos de cooperación na nosa zona de traballo. Os cartos recadados en todas estas actividades foron dedicados a financia-lo proxecto SIDHUR Anantapurna.

- **Ceas de socias/os e amigas/os**

Nos meses de maio e xuño, celebráronse dúas ceas nas que se reuniron socias e voluntarias de IND. A primeira delas, celebrouse no restaurante *Fame neghra*, en Vigo,

días despois do cursiño de voluntariado organizado por IND. A esta cea asistiron os asistentes ó curso e algúns amigos convidados, que ademais de gozar dunha agradable conversa, desfrutaron comentando as fotos feitas durante o cursiño.

Semanas máis tarde, IND organizou outra cea no restaurante *Corleone*, tamén en Vigo, á que asistiron socias e colaboradoras de IND.

En ámbalas dúas ceas, unha parte do prezo das mesmas, destinouse a IND.

- **Venda de postais**

Durante o Nadal e en tódalas mesas de IND se venderon tamén postais que a organización ten para o proxecto de SIDHUR Anantapura.

- **Venda de camisetas**

Este ano realizáronse novas partidas de camisetas cos debuxos xa utilizados por IND anteriormente e que seguen representando unha fonte de ingresos constante para a organización.

- **Venda de cadernos**

Durante este ano un grupo de voluntarias/os realizaron cadernos artesanais para IND que a organización vendeu tamén en diferentes ocasións para recolectar cartos para SIDHUR Anantapura.

- **Torneo de tenis**

Este ano unha vez máis realizouse en Lugo o III Torneo de Tenis IND con grande éxito e colaboración de empresas locais e as autoridades da cidade, aínda que por razóns alleas a IND a recadación só chegou ás 12.000 ptas. Isto foi debido a un exceso nos gastos en relación cos ingresos que a xestión do torneo levou a cabo sen consulta previa coa organización.

- **Obra de teatro**

O día 10 de novembro o grupo de teatro Tranghallada do instituto de bacharelato de Nigrán representou no auditorio do Concello a obra "Os Pintores Clónicos", á que asistiron 60 persoas e grazas á cal se recadaron 30.000 ptas. O grupo de teatro Tranghallada colaborou de maneira voluntaria e quedou aberto a novas colaboracións, cousa que IND celebrou grandemente.

### **3.3. COOPERACIÓN**

Durante este ano déronse tamén importantes avances no aspecto dos programas que financia IND na India. Mantivéronse os dous proxectos que a organización financiaba dende o 1999, UDI Tiruchy e SIDHUR Anantapura, dos que recibimos información periódica e que se achegan nos informes enviados directamente dos proxectos.

Este ano, sen embargo, IND decidiu dar por rematada a colaboración co proxecto UDI Tiruchy despois de xa tres anos de financiamento. O proxecto aínda funcionará nos primeiros meses do 2002. Isto implica, ademais, que as socias e socios de IND serán transferidas/os a SIDHUR Anantapura.

Os avances que se deron nos dous proxectos son significativos, e para mellor explicación dos mesmos incluímo-los informes trimestrais que se recibiron de ámbolos dous.

Durante este ano IND presentou o proxecto de SIDHUR Anantapura ás convocatorias do Concello de Oleiros e de Caixa Galicia, que lle foron denegadas, e tamén ás dos Concellos de Vigo e Lugo, nas que conseguiu 950.000 e 300.000 ptas respectivamente.



#### 4. VOLUNTARIADO

No presente ano IND comezou unha estratexia clara de implicación de voluntariado, o cal resulta unha innovación sen dúbida necesaria na estratexia da organización. A base de voluntariado coa que conta a organización resulta vital para poder levar a cabo actividades de todo tipo e amplía-la presenza social.

Así, este ano IND organizou un curso de formación de 12 horas ó que asistiron un total de oito persoas. O curso tivo diversas partes. Na primeira contou coa presenza de Emilio Martínez Rivas, presidente da Coordinadora de ONGDs, que falou da situación das ONGs a nivel internacional, nacional e autonómico. A segunda sesión centrouse na presentación de Implicadas/os no Desenvolvemento a tódolos asistentes e déronse a coñecer os distintos proxectos nos que traballa a organización. E xa na terceira sesión leváronse a cabo diversas actividades relacionadas coa labor do voluntariado dentro dunha ONG de desenvolvemento coma IND.

Ademais disto, as voluntarias de IND tiveron a oportunidade de participar nos Cursos sobre Xestión de ONGDs organizados pola COORDINADORA GALEGA DE ONGDs durante os meses de outubro a decembro e que aínda continúan no 2002. Así, a voluntaria Chelo Davila asistiu ó seminario sobre **Xestión social e dinamización asociativa**, que se desenvolveu os días 27 de outubro e 10 de novembro na Escola Galega de Administración Pública, no polígono de Fontiñas en Santiago.

Partindo de que os problemas que se dan no sur (países do terceiro mundo) non se poden arreglar sen a conciencia de que o norte (primeiro mundo) é a outra parte do problema, tratouse da forma en como as ONGDs poden non só organizarse elas, senón cómo deben facer chegar os seus esforzos ó resto da sociedade para concienciala e así poder levar a cabo os seus proxectos. Os seminario centrábase en dous temas:

- A) Ir pouco a pouco creando a conciencia de cooperación no noso entorno.
- B) Conseguir fondos para os proxectos de cada organización.

Así, analizamos as formas de organizar os grupos e cómo preparar asembleas e xuntanzas. Tratábase de darnos unha preparación ós membros das ONGDs para que poidamos levar a cabo o noso labor con máis facilidade: preparar asembleas, organizar grupos e ser capaces de identificar erros de comunicación, etc.

Por outra banda, os días 24 de novembro e 15 de decembro tivo lugar outro curso sobre **Xestión de recursos**, ó que asistiu María Reimóndez Meilán. Neste curso tratouse por unha banda a xestión dos recursos humanos, captación de voluntariado, organización interna do persoal das organizacións, implicación dos recursos humanos na planificación... e pola outra os recursos económicos. Así, viuse cómo elaborar de maneira axeitada un presuposto e cómo planificar e avalía-la xestión económica.

#### 5. XESTIÓN

Durante o presente ano leváronse a cabo importantes reformas na estrutura de xestión de IND , sobre todo a partir da creación, a final de ano, das diferentes Comisións de traballo que axudarán á Xunta Directiva na planificación e organización da vida asociativa de IND.

A constitución das Comisións levouse a cabo nunha xornada celebrada o día 17 de decembro, na que as voluntarias e voluntario de IND se reuniron para tratar este tema co apoio da Xunta Directiva. Así quedaron definidas as seguintes comisións:

1) Comisión de Cooperación:

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fixa-los obxectivos xerais para o ámbito de cooperación,.</li> <li>• Presentar novos proxectos para consideración da Xunta Directiva.</li> <li>• Avalia-los proxectos existentes.</li> <li>• Facer seguimento dos proxectos existentes.</li> <li>• Buscar formas de financiamento para os proxectos.</li> </ul>
Coordinadora	<ul style="list-style-type: none"> <li>• María Reimóndez Meilán</li> </ul>
Periodicidade de xuntanzas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 vez ó mes</li> </ul>

2) Comisión de Actividades:

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fixa-los obxectivos xerais para o ámbito de actividades.</li> <li>• Planificar, coordinar e avalia-las distintas actividades.</li> <li>• Buscar financiamento para as actividades.</li> </ul>
Coordinadora	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Laura Sáez</li> </ul>
Periodicidade de xuntanzas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 vez a primeiros de cada mes</li> </ul>

3) Comisión de Voluntariado:

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fixa-los obxectivos xerais para o ámbito de voluntariado.</li> <li>• Captar voluntariado.</li> <li>• Forma-lo voluntariado.</li> <li>• Xestiona-lo voluntariado</li> </ul>
Coordinadora	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Chelo Davila e Estefanía Fdz</li> </ul>
Periodicidade de xuntanzas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 vez a mediados de cada mes</li> </ul>

4) Comisión de Comunicación:

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fixa-los obxectivos xerais para o ámbito de comunicación.</li> <li>• Coordina-las relacións con outras ONGs.</li> <li>• Manter informadas ás asociadas.</li> <li>• Relacionarse coa prensa.</li> <li>• Dar publicidade á asociación e ás súas actividades.</li> <li>• Desenvolve-la páxina web.</li> </ul>
Coordinadora	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Blanca Rodríguez Rodríguez.</li> </ul>
Periodicidade de xuntanzas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 vez a finais de cada mes</li> </ul>

Nesta xornada introducíronse tamén os formularios e procedementos estandar para a planificación de actividades e a súa avaliación, de maneira que puidese haber un seguimento por escrito das actividades de cada comisión.

A Xunta Directiva seguirase encargando da dirección xeral da asociación a través da supervisión do traballo das comisións e dos seus labores estatutarios.

Durante este ano IND pasou a ser socia de pleno dereito da Coordinadora Galega de ONGDs e como tal participou nas actividades propostas por esta.

Finalmente, cómpre reseñar que un ano máis tódolos gastos administrativos de IND foron financiados a través do 5% da súa recadación total.

## 5. FINANCIAMENTO

### 5.1 OBTENCIÓN DE RECURSOS

IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO conta dúas fontes de financiamento para desenvolve-la súa actividade:

**PROPIAS**            -cotas de socias/os  
                          -desenvolvemento de actividades  
                          -vendas de material

**ALLEAS**            -públicas: subvencións oficiais  
                          -privadas: doazóns de particulares

Durante o presente ano, o recadado dende estas dúas fontes preséntase de seguido:

- **FONTES DE FINANCIAMENTO PROPIAS**

**-Por cuotas de socios** 696.000 pts.

**-Actividades:**

\*torneo de tenis: 118.000 pts.

\*ceas solidarias: 52.500 pts

\*cine: 17.700 pts.

\*loterías: 60.000 pts.

.

**-vendas de material:**317.861 pts.

- **FONTES DE FINANCIAMENTO ALLEAS**

**-Públicas: (subvencións)**

\* **Xunta de Galicia** :2.000.000 pts. para desenvolvemento do proxecto de Tiruchy .  
140.000pts. para o desenvolvemento de actividades.

\***Doazóns**: recadouose un total de 78.000 pts. por este concepto.

\***Ingresos bancarios**: (devolución de comisións): 18.178 pts.

<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>3.498.239 pts.</b>
-----------------------	-----------------------

### 5.2. APLICACIÓN DOS RECURSOS

**FONTES DE FINANCIAMENTO PROPIAS:** 538.038 pts.

**- PROXECTO DE TIRUCHY:**

**FONTES DE FINANCIAMENTO ALLEAS:** 2.000.000pts.

**- PROXECTO DE ANANTAPURNA:** **FONTES DE FINANCIAMENTO PROPIAS** :548.590 pts.

**-CINEFÓRUM E EXPOSICIÓN DE FOTOS:** **FONTES DE FINANCIAMIENTO ALLEAS:** 140.000pts.

**-GASTOS DE ADMINISTRACIÓN:** 172.808 pts.

**-GASTOS BANCARIOS:** 142.770 pts.

<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>3.542.206 pts.</b>
---------------------	-----------------------

**BALANCE DE PERDAS E GANANCIAS****AÑO 2000**

<b>GASTOS</b>	
60000002-Proxecto de Anantapura	548.590 pts.
60000003- Proxecto de Tiruchy	2.538.038 pts.
62600000-Comisións por servicios bancarios	
62600000-Servicios bancarios	83.770 pts.
62600001-Gastos de devolución de recibos de socios	59.000 pts.(nesta cantidade están incluídos os devoltos)
62900002-Gastos en actividades	140.000 pts.
62900001-Gastos de Administración	172.808 pts.
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>3.542.206 pts.</b>
<b>INGRESOS</b>	
70000002-Cuotas de socios	696.000 pts.
70000003-Financiamiento de Administraciones Públicas	2.140.000 pts.
70000004-Doazóns de particulares	78.000 pts.
70000005-Ingrosos por devolución de comisións bancarias	18.178 pts.
77800001-Ingrosos por actividades e vendas de material	566.061 pts.
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>3.498.239 pts.</b>

## 6. CONCLUSIÓNS

Un ano máis o esforzo de moitas persoas conseguiu facernos crecer. En tódolos aspectos presentados nesta memoria destaca claramente a colaboración desinteresada de persoas e institucións a través de tempo, medios e servicio. Tódalas actividades que acabamos de recoller non terían sido posible sen elas. Quede patente o noso agradecemento constante ante este compromiso real cos problemas das comunidades polas que todo se fai posible.

Un ano máis tamén cómpre non esquece-lo obxectivo de todos estes esforzos, o que nos dá azos para querer presentar unha nova memoria o ano que vén: as comunidades coas que traballamos. Elas son as que realmente realizaron os esforzos máis meritorios durante este ano, enfrontándose con especial valentía ós cambios custosos que implica o desenvolvemento. A elas o noso máis sincero agradecemento e ánimo.

Un ano máis, finalmente, despedímo-la memoria co afán de crecer e de facer fronte ós novos desafíos que nacen cun novo período no que esperamos seguir contando con vós para acadar un mundo mellor para todas/os.